

**«... Spielberg pudo observar como umhas mastodónticas escavadoras derruvaban enormes carballos e fortes valados de pedra... e deulle a impresión de que aquelas máquinas cun pouco de maquillaxe e moito de caucho poderían converterse en implacabeis diplodocus»**

Steven Spielberg ven de estrenar a súa última película baseada no mundo dos dinosaurios. Entendo que este director americano non coñece o noso recuncho do mundo que chamamos Galiza e moito menos terá sentido falar dunha comarca denominada A Limia. Ou quizá eu estexa errado e realmente Spielberg pasou unhas vacacións pola nosa nacionalidade histórica (que non histórica). Incluso entra dentro do posíbel que este cineasta tivera ocasión de ler *Arraianos*, o libro de Ferrín que recrea as súas fantasías narrativas nas serras que unen Galiza e Portugal. Non sería de estranar que atraído pola lectura do mellor escritor galego, andivera o pai de E.T. recorrendo a Limia Baixa na procura de novas ideas para os seus filmes.

Debeu aterrar no sucedáneo de aeroporto de Trasmiras e seguro que o piloto fálolle da desacada lagoa ou Lago Beon, mentres sobrevoaban o páramo esteril ou se asentaba. Segundo informes do garrido piloto, a lagoa era mui antiga e seica nela bebían xa os dinosaurios. Ao subir ao Land Rover que alugara, pudo observar como umhas mastodónticas escavadoras derruvaban os obstáculos que se puñan por diante: enormes carballos, fortes valados de pedra.. Deulle a impresión de que aquelas máquinas cun pouco de maquillaxe e un moito de caucho poderían converterse en implacabeis diplodocus.

En xinzo mercou unha pantalla de Sargadelos e a vendedora destes souvenirs explicoulle que sería conveniente facer noite na vila, pois o camiño que levaba a Limia Baixa estaba inzado de piratas e de encrucilladas onde se emboscaba a banda de D. Marini e os Cuarenta Ladróns, e meslo a amábel dependenta lle contou

# SPIELBERG E A LIMIA

por Miguel Marvoa

terribes historias (que non histerias) destes malfeitores agachados nas estruturas agrarias que debido ao pouco traballo que tiñan andaban occiosos talando ao tolo centos de árbores para fastidiar aos paisanos e aos coitados animais que con eles nunca se meteron.

Pola mañá o noso Indiana Jones, tras almorzar como bon ianqui ricos cereais, iso si mollados en leite galego de calidade, iniciou de novo a súa ruta seguindo o curso do Limia. Atravesou a chaira velozmente e cando subía as encostas de Bande, viu a minicentral da Retorta que se lle antoxou unha xigantesca boa prehistórica (que non prehistórica) de cemento. Atallando polas rectilíneas pistas

de parcelaria de Garabelos chegou ao salto das Conchas, podendo comprobar que alía, aseguraban os lugareños, non había sengún mostro como no Lago Ness de Escocia e que alí o único escocés que coñecían era o uisqui e as faldas.

Cando o sol estaba no mais alto, de repente, apareceu na estrada un vistoso letreiro: Parque Natural do Xurés. Foi entón, olando aquela paixaxe abrupta e estremecedora, que se lle ocorreu a idea de realizar unha película relacionada con toas as atrocidades históricas (que non históricas) que acababa de ver e deste xeito decidiu bautizar ao film co nome de PARQUE XURESICO en honor a serra do Xurés. ■



**«Pistas da Parcelaria de Garabelos (Bande). Na parte esquerda o Concello de Muiños, aínda conserva as sebes, que probablemente non tardarán en desaparecer»**